



XUNTA
DE GALICIA

PROXECTO
ABALAR

Formación de Choque. Centros Piloto





- O proxecto Abalar é un proxecto ambicioso (298 centros, 15000 netbooks,...)
- O fin máximo de Abalar é a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia de xeito que permitan un cambio na metodoloxía didáctica actual, mediante o emprego de novos modelos didácticos que melloren o proceso de ensino-aprendizaxe.
- Tamén é prioritario a integración e participación por parte de toda a comunidade educativa: pais, nais, alumnos/as, profesorado, equipos directivos, ...

OBXECTIVO DA FORMACIÓN: é dar a coñecer o profesorado o funcionamento básico da aula Abalar e as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións






Como integrar as TIC?

PROXECTO
ABALAR

- Pouco a pouco
- É un proxecto a longo prazo
- Segundo comenta Jordi Adell no video
"Entrevista con Jordi Adell (UJI) sobre la educación 2.0 " cando lle preguntan "Cando empezará a dar resultados estas novas tecnoloxías aplicadas na aula?"




Obx.Final: que non se lle de importancia os recursos (ordenador, Internet, ..) o cal quere dicir que están totalmente integrados no currículo e na aula ("Tecnoloxía Invisible")





Como integrar as TIC?

- Como se pode ver na wiki (<http://natalia1901.wikispaces.com/>) pódense identificar 6 diferentes estadios nos que se pode atopar o profesorado.



- Nova filosofía de traballo (mentalizar ó docente)
 - Traballo **colaborativo**
 - **Participación** activa de todo o implicado (alumnado, profesorado, familias, ...)
 - *Por exemplo: o docente debe saber que non é necesario controlar todas as ferramentas das TIC, e que pode coa axuda do alumnado para integrar novas ferramentas*
 - **Compartir**, ideas, actividades, experiencias, apuntamentos, ...
- Como integrar as TIC?
 - Uso de forma progresiva, pouco a pouco e refinándose.
 - Uso axeitado dos recursos (é mellor non usar os recursos das TIC que usalos de forma non axeitada ou sen saber porqué), sempre hai que usalos cando aporten unha mellora o proceso de ensino-aprendizaxe
- Importante: Boas prácticas
 - É moi importante que o profesorado coñeza diferentes usos das TIC nas aulas tendo como marco de referencia experiencias realizadas por outros docentes.
- Aula Abalar
 - O profesorado debe coñecer o **funcionamento básico** dos recursos da aula Abalar.
 - Ter en conta que a aula Abalar é soamente un recurso máis para axudar á implantación de novas metodoloxías didácticas que melloren o proceso de aprendizaxe do alumno

- É importante a nivel de organización:
 - Etiquetar os portátiles cun nome único
 - Asociar cada portátil exclusivamente a un alumno (que será o responsable do mesmo)
 - Publicar unhas normas de bo uso do material da Aula Abalar, e poñelas nun lugar visible na aula
 - Informar as familias da chegada do equipamento e os obxectivos de uso do mesmo (que saiban que se van empregar as TIC con obxectivos educativos)
 - Establecer o/os responsables de recoller a chave dos carros dos miniportátiles
 - Establecer un modo de actuación para recoller os miniportátiles do armario de xeito ordeado e para deixalos unha vez usados.
 - Establecer un modo de actuación para que tanto o profesorado como o alumnado saiba quen é o responsable de deixar a cargar os miniportátiles.

- Establecer protocolos de actuación (aconsellamos)
 - Protocolo: onde gardar a chave do armario e responsable da mesma
 - Protocolo para a recollida/gardado dos portátiles ó inicio/final da clase
 - Protocolo para distribución dos portátiles ós alumnos (un por alumno, etiquetar portátil e asignarlllo a un alumno)
 - Protocolo de actuación para desdobres (que facer si se desdobra algunha aula)
 - Protocolo para a carga dos portátiles ó final do día
 - Protocolo de incidencias: que facer cando un portátil ou outro elemento da aula non funciona (esganouse, quedou sen batería, non conecta coa wifi,)
 - Protocolo para seguridade de datos (copiar a un pendrive, enviar unha copia dos exercicios o correo,)
 - Protocolo para búsqueda e catalogación de recursos.

- Norma onde se informe as familias sobre o USO DAS TIC na aula: cal é o obxectivo de uso
 - Documento: breve documento coas principais funcionalidades que se lle vai dar a Aula. (Información no portal Consellería)
- Norma de bo uso e coidado dos materiais da aula Abalar
 - Documento: O alumno e a familia se responsabilizan do bo uso dos recursos da aula Abalar. (Exemplos: Documento Compromiso(Educastur)
Normas de Bo uso (IES Pastoriza)
- Norma de uso da aula Abalar para o profesorado

Exemplos Normativa:



1) Elaborada IES DA PASTORIZA:

- Normativa 09/10
- Normativa ACER

2) Publicada EducaConTIC

- Estratexias de uso dos miniportátiles

Exemplo recollida equipos





Dúbdas ??





- Imaxes extraídas:
 - <http://natalia1901.wikispaces.com/>





XUNTA
DE GALICIA